

RESUMO DAS BONIFICACIÓNS COTAS DO RETA

• Normativa

Lei 31/2015, do 9 de setembro, pola que se modifica e actualiza a normativa en materia de autoemprego e se adoptan medidas de fomento e promoción do traballo autónomo e da Economía Social – BOE número 217 de 10 de setembro de 2015

A) Cotización por conta propia aplicable para traballadores/as por conta propia que teñan 30 ou máis anos de idade que causen alta inicial ou non estivesen en situación de alta como autónomos/as nos 5 anos inmediatamente anteriores á data de alta .

Gozarán das seguintes reducións sobre a base mínima de cotización, incluída a incapacidade temporal:

- Redución ata os **50 euros mensuais, durante os 6 meses** inmediatamente seguintes á data de efectos de alta, no caso de que opten pola base mínima de cotización. Se a base de cotización é superior á mínima, a redución que se aplicaría sería do 80% da cota.
- Redución equivalente ao **50% da cota durante os 6 meses** seguintes ao período sinalado no apartado anterior.
- Redución equivalente ao **30% da cota durante os 6 meses** seguintes ao período sinalado no apartado anterior.

B) Cotización por conta propia aplicable a homes menores de 30 anos e mulleres menores de 35 que causen alta inicial ou non estivesen en situación de alta como autónomos/as nos 5 anos inmediatamente anteriores á data de alta .

Gozarán das seguintes reducións sobre a cota por contingencias común xerais do RETA e asimilados:

- Redución ata os **50 euros mensuais, durante os 6 meses** inmediatamente seguintes á data de efectos de alta, no caso de que opten pola base mínima de cotización. Se a base de cotización é superior á mínima, a redución que se aplicaría sería do 80% da cota.
- Redución equivalente ao **50% da cota durante os 6 meses** seguintes ao período sinalado no apartado anterior.
- Redución equivalente ao **30% da cota durante os 18 meses** seguintes ao período sinalado no apartado anterior.

Estas condicións será tamén de aplicación ás persoas **socias de sociedades laborais e de cooperativas** de traballo asociado que se atopen encadradas no Réxime Especial da Seguridade Social de Autónomos.

C) Cotización á Seguridade Social aplicable persoas con discapacidade, vítimas de violencia de xénero e vítimas de terrorismo que se establezan como traballadores/as por conta propia que causen alta inicial ou non estivesen en situación de alta como autónomos/as nos 5 anos inmediatamente anteriores á data de alta .

Gozarán das seguintes bonificacións:

- Redución ata os **50 euros mensuais, durante os 12 meses** inmediatamente seguintes á data de efectos de alta, no caso de que opten pola base mínima de cotización. Se a base de cotización é superior á mínima, a redución que se aplicaría sería do 80% da cota.
- Redución equivalente ao **50% da cota durante os 48 meses** seguintes ao período sinalado no apartado anterior.

Estas condicións será tamén de aplicación ás persoas **socias de sociedades laborais e de cooperativas** de traballo asociado que se atopen encadradas no Réxime Especial da Seguridade Social de Autónomos.

D) Cotización á Seguridade Social a familiares colaboradores de traballadores/as autónomos/as (cónxuxe e familiares ata o segundo grao) que causen alta inicial ou non estivesen de alta no RETA nos 5 anos inmediatamente anteriores á data de alta .

Gozarán das seguintes bonificacións, sobre a cota que resulte de aplicar sobre a base mínima el tipo de cotización correspondente:


- Bonificación equivalente ao **50% da cota durante os 18 primeiros meses.**
- Bonificación equivalente ao **25% da cota durante os 6 meses seguintes.**

Esta bonificación non será de aplicación aos familiares colaboradores que se teñan beneficiado desta medida con anterioridade.

E) Cotización á Seguridade Social de familiares (cónxuxe ou descendentes) do/a titular dunha explotación agraria.

As persoas incorporadas á actividade agraria incluídas no réxime especial de traballadores/as agrarios/as, que teñan cincuenta ou menos anos de idade no momento da dita incorporación e sexan cónxuxes ou descendentes do titular da explotación agraria, gozarán dunha redución equivalente ao **30% da cota que resulte de aplicar á base mínima de cotización que corresponda o tipo do 18% durante 5 anos**, computados dende a data de efectos da obriga de cotizar e será incompatible coa redución e bonificación para os novos traballadores autónomos.

F) Cotización á Seguridade Social para socios/as de traballo asociado á venda ambulante, incluídos no RETA.



Axencia Desenvolvemento Local



Seralles de aplicación unha **redución do 50% da cota** que resulte de aplicar sobre a base mínima.

G) Cotización á Seguridade Social para traballadores/as autónomos/as en período de descanso por maternidade, adopción, acollemento, risco durante o embarazo, risco durante a lactación natural ou suspensión por paternidade.

Seralles de aplicación unha **bonificación do 100% da cota** que resulte de aplicar sobre a base mínima o fixa.

H) Cotización á Seguridade Social para traballadores/as autónomos/as para conciliación da vida profesional e familiar vinculada á contratación.

Seralles de aplicación unha **bonificación do 100% da cota por continxencias comúns aplicada sobre a base media dos 12 meses anteriores.**